

Acta da sesión do 13 de maio de 2021

Da comezo a sesión da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ás 12:30 horas na Sala de Xuntas virtual do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso en primeira convocatoria.

Asistentes:

PDI

Buch Gómez, Enrique Juan; Castro Fernández, Ana Esther;; De Miguel Palacios, Carlos Juan; Falagán Mota, Jorge; Ferro Soto, Carlos Antonio; Garza Gil, María Dolores; Gómez Rúa, María; González Martínez, Xosé Manuel; González Savignat, M^a del Mar; Lorenzo Alonso, Pedro; Roca Pardiñas, Javier; Vázquez Pampín, Carmen; Vila Alonso, Mercedes;

Desculpan a súa ausencia:

PDI: Vila Biglieri, Jorge E.

Único punto do orde do día: **Aprobación, se procede, dos horarios dos Graos en ADE e Economía para o curso 2021-2022.**

O vicedecano de organización académica, Javier Roca, mostra cal foi o procedemento que nos fixo chegar ata aquí, punto no que temos que aprobar os horarios dos dous Graos (ADE e Economía) que se imparten na nosa Facultade.

Javier Roca informa do protocolo que se seguiu para a elaboración da proposta de horarios presentada está baseado nos acordos da C. P. anterior (a través dos coordinadores establécense as franxas teóricas das correspondentes materias, e a continuación desde do decanato faise o horario das prácticas).

A continuación, solicitouse aprobar os horarios presentados, con delegación no Decanato de “cambios menores”, tendo en conta que:

- Atenderanse solicitudes acordadas entre profesores sempre que non se incumpra ningunha norma. Ditas solicitudes deberán ser xustificadas documentalmente.
- No caso de que non sexa posible o anterior, os departamentos terán que flexibilizar o POD para cubrir a docencia da que é responsable.

Neste sentido comenta que chegaron unha serie de correos onde se solicitaban unha serie de cambios. Non deu tempo a avaliar todos estes correos polo que se solicita á C. P. que se aproben os horarios que se traen como proposta a expensas de introducir algunha modificación que non afecte o espírito e ás normas que fixamos na Comisión Permanente do 11 de marzo de 2021.

Tamén explica a problemática dos festivos que houbo que solucionar de maneira particular.

A partir de aquí houbo unha serie de intervencións de distintos membros da Comisión Permanente (Dores garza, Mar Savignat, Carlos Ferro, Enrique Buch, Mercedes Vila,...) que insisten en solicitar que non se aproben os horarios tal como tráense a esta C. P. ao existir bastantes reclamacións por parte dos docentes que están implicados nos mesmos e que dada a relevancia dos mesmos deberíase de rexeitar a proposta.

Dada a situación que se expón, o decano decide retirar a aprobación do punto que se traía a esta Comisión Permanente e indica que se abre un novo prazo para que se poidan realizar todos os cambios que se solicitaron co fin de que haxa un maior consenso sobre unha cuestión tan estratéxica para a Facultade como é a elaboración dos horarios para o curso que vén.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión da Comisión Permanente ás 13:50 horas.

O Presidente
Jorge Falagán Mota

O Secretario
Pedro Lorenzo Alonso